

Semana Santa da miña nenez,
cando Viveiro era un pebeteiro de arrecendos

Fausto Galdo

Ó longo do ano os ulidos de Viveiro non son os mesmos. A Semana Santa é as veces como no inverno, chove a cachón e o ar apodrece a humidade. Os chubasqueiros, amontonado no corredor cativo do Casino, caen ó chan. Elixio do Cajete, ca bandexa na man, reparte vermús brancos de arrecendo dulzón, xenebras compostas con dous anacos de xelo, e unha cereixa roxa e virio, Cigales de Peréiro que serve Sara ou Conesa en vasos de tubo, namentres os Prieto, moitos, longos e traeos, fan soar as bolas no billar, cheiro a cacahueta, vino e aceitonas. Lémbrome de pisar cascas e osos que facían esbarar.

Outros anos eran de sol, as algas apodrecían na marea baixa por entre as lanchas, que morrían deitadas fronte o cano de alivio da Fonte da Área, a que nace na horta dos frades de San Francisco e que tanto gostaba a Lois Tobío. As embarcacións esmorecían, os cabos frouxos penduran agora inútiles, amarrados no muro. Nas pozas da Ponte róllense croques que se abren uns cós outros, e antes de chegar a boca salpican as meixelas de pequenas gotiñas, como besbellos con arre-cendos de mar brava. Evelio de Bacalao pesca por riba da balaustre munxes cativos, grises e azuis que morren a saltos no caldeiro, os beizos partidos, aínda sin ulir. No peirao da madeira, as apeas de eucaliptos que van para as minas de Asturias, teñen arume penetrante e acedo. Os castelos de tablas e tablóns e as rollas de piñeiro arrecenden doces e densas, ulidos que se misturan có suor dos homes da colla, as puchas, e os molidos cubertos de polviño do serrín e grasa da maquinía do "Lolita Goday" deitado contra o peirao pola borda de babor.

Frescura de peixe na Ribeira esvaecido polo fume das virutas e as cáchelas que fan lume para ferver as cascas dos piñeiros e tinguir as redes. Apartados dos aparellos uns anacos de carallote, cheiro de auga suxa, o vento leva arume da brea de calafatear, da patente verde e do minio de pintar os botes. Os ulidos cambian cando enche a marea cós cativos mergúllanse dende a punta do muelle.

Mañán de Xoves Santo na Plaza, diante da casa arredor da Estatua, as mulleres da aldea venden ovos morenos, mornos aínda, as derradeiras plumas apegadas na merda das galiñas: cheiro de galiñeiro. Ulidos de horta dos repolos branquiños, con veiras de encaixe repenicado e ben preto. Os derradeiros grelos xa teñen un pouco marelas as follas verdenebridas, xunto as patacas ravenidas de pel enrugada, xermoladas de rama; as cenorias gardan entre as barbas, lixos de terra mollada polo mencer. As leitugas tesas, de orella de burro, das que triscan, e as cebólas e os rabos en trenza, andan agochadas entre as camisas que xa deron; o cheiro dos allos vellos non chega a tapar o arrecendo das mazas reinetas da cesta de Pepa de Muchos,

Pregón 2000

Escrito por Administrator

Jueves, 19 de Marzo de 2009 17:59 -

que deixaron pola maná a cama de herbas na que levan deitadas dende o outono. Os gorentosos queixos de Cabanas, literarios queixos de San Pantaleón, ben manteigosos, próbanse ca punta dunha navalla de Taramundi, de mango de madeira de buxo, raiada e garnida, con reforzo de latón dourado. Blanquean as pelos de manteiga, agochadas nas berzas molladas con gotiñas de auga entre os debuxos simétricos das pegadas de cullera. Arrecenden por riba de todos os ulidos as empanadas de peixe da nai de Pía-Pía, a muller de Malpaño, que as coce en media lúa, e antes de véndelas, ábreas polo virolo para botarlles un grolo de aceite espeso.

Ó anoitecer recóllese a Cea que saíu da Terceira Orden levando uns hábitos castaños que rascan, e cheiran a xabón do río, con moita sosa. O paso dos Apostólos fíxoo Sarmiento, carpinteiro de ribeira do Porto de San Cibrao, que tina ó alpendre no río Xunco.